

XVI MERCADO DAS RUTAS DO MAR

B. C. [MUXÍA]

O Mercado das Rutas do Mar cumpre 16 anos. É unha experiencia única para gozar da tradición mariñeira da rexión. Esta nova edición, que máis postos ten da historia, celébrase os días 10 e 11 de agosto.

O Mercado das Rutas do Mar é unha festa que Muxía organiza para conmemorar e celebrar a súa tradición e cultura mariñeira, así como para gozar da gastronomía, os oficios, a música e os aparellos de traballo relacionados co mar. Tamén se recoñece a influencia da cultura do campo, que desde hai séculos se entrelazou co labor marítimo para soste a vida dos habitantes locais.

O marineiro e armador Xosé Búa é o pregoeiro deste ano. Dará comezo á festa o sábado, 10 de agosto, ás 11.00 horas na proa do Cabo da Vila. Haberá pasarrúas e

O Mercado das Rutas do Mar chega a Muxía

É a edición con máis postos da súa historia
» Haberá zona infantil e un espectáculo inspirado nunha canción de Fillas de Cassandra

espectáculos para nenos e maiores, ademais do concerto de Al-daolado (13.00 horas).

Grupos de música tradicional como Xaramiños do Corpiño, Abaladeiras de Muxía, Fumes do Cal, Nin chica nin patacón, Vaiche boa, Fol de Veneno, Maruxía, Os Viqueiras de Ordes e Skaldir soarán durante toda a fin de semana.

O domingo, día 11, o mercado abre ás once da mañá. Despois chegará o momento de bailar e



cantar. Pola noite, a partir das 21.30 horas, será a degustación gratuita de peixe espada no paseo marítimo. O gran espectáculo chegará ás 22.30 horas: unha actuación inspirada na canción *Tataravoa* do grupo Fillas de Cassandra. O alcalde de Muxía, Iago Toba, asegura que os visitantes atoparán no mercado “os mellores manxares, as mello-

res bebidas, os mellores músicos polas rúas, os mellores espazos e escenarios, os mellores danzantes que hipnotizan cos seus movementos, os mellores produtos de terras foráneas e locais e os mellores artesáns”.

O máis importante, recorda, é “a nosa xente, a nosa cultura e as nosas tradicións”. “Sen iso non seríamos nada”, confesa.

O rexidor insiste en que estos dous días de festa serán para “vivir unha edición vistosa e impresionante”. Ademais, conta como novidade, “será a máis multitudinaria en numero de postos de todas cantas se teñen celebrado”.

Ademais dos espectáculos e da música, os nenos e nenas de Muxía e arredores terán unha zona infantil chea de xogos con un carrusel e unha noria. Unha fin de semana para gozar, comer e, por suposto, bailar coas diferentes agrupacións musicais.



ESTUDIO A.T. PROYECTOS

JOSÉ ANTONIO GONZÁLEZ DEL OSO
CARLOS GONZÁLEZ GARCÍA
Arquitectos técnicos

T./F. 981 742 111 | M. 630 029 897
Rúa da Saúde, 7 - Local B | Muxía (A Coruña)



TELÉFONOS
981 74 23 37
629 172 124

*Apartamentos místicos
Praza do Capitán*



Puja por nuestros platos,
disfruta de nuestro sabor

C/Marina nº22, Muxía • A Coruña • T. 981 742 501
info@alonxadalvaro.com | www.alonxadalvaro.com




ISLAMIENTOS MUXIA

AI SLAMIENTO TÉRMICO Y ACÚSTICO • IMPERMEABILIZACIÓN
POLIURETANO • POLIUREA • CORCHO PROYECTADO

Soma, 33 - Muxía - T. 667 641 289 • j.m@aislamientosmuxia.com
www.aislamientosmuxia.com



Telfs. 697 338 033
600 722 145
Serantes, 22 - 15124 Muxía
www.cabañasenelarbolcostadamorte.com



Mercado das Rutas do Mar MUXIA

PROGRAMA ACTIVIDADES



Escanea para descubrir o
programa de actividades



CONCELLO
DE MUXÍA